

4 FEIRA PRIMAVERA



**INSCRICIÓN ATÁ O 01 DE MARZO
OU ATÁ ESGOTAR LOCALIDADES**

17 E 18 DE MAIO

Bases de participación

reviveferia@gmail.com

 [@reviveferia](https://www.instagram.com/reviveferia)



RIBADAVIA
Concello

DESCRIPCIÓN

REVIVE é a primeira feira de supra reciclaxe de Galicia. Nace coa intención de crear un espazo, onde se fomente a reciclaxe creativa, o consumo responsable, o desenvolvemento de hábitos cara a unha vida máis sustentable e sostible e onde se promova coa urxencia que require, unha sólida conciencia ambiental. Ademais incentiva a emprendedores a compartir e exhibir os seus produtos neste espazo de comercio xusto.

Ao ser unha feira temática, pioneira no seu xénero; requirimos que todos os produtos ou proxectos compartan e fomenten os seguintes conceptos:

Arte e deseño Ecolóxico
Sustentabilidade

Upcycling
Sustentabilidade

Supra reciclaxe
Economía solidaria

ESPAZO



Igrexa Da Madelena
Praza da Madalena 2, 32400
Casco histórico de Ribadavia

DATA E HORARIO

Sábado 17 e
domingo 18 de
maio

10:00 -21:00



INSCRICIÓN

INSCRICIÓN ATA O 01 DE MARZO OU ATA ESGOTAR LOCALIDADES

“É PRIMORDIAL que todos os artesáns que participen, expoñan produtos feitos con materiais recuperados”.

Ao ser un evento cultural, temático e comercial, onde se exhiben produtos inspirados na reciclaxe creativa, a sustentabilidade, o coidado ambiental e a reutilización; os feirantes interesados en participar desta 4ta edición de primavera, deben realizar o seguinte:

-Enviar a información do seu produto ou proxecto ao correo electrónico: reviveferia@gmail.com ou por mensaxe privada ao instagram: @reviveferia, con fotografías, redes sociais e unha breve descrición do seu produto, de como este; comparte e fomenta os conceptos da nosa feira, que tipo de materias primas usa e cal é o seu proceso de elaboración. Dita información será usada nos carteis de difusión da súa participación en caso de ser elixido para participar.

IMPORTANTE:

Non se responderán mensaxes que non teñan a descrición do produto. Non serán aceptados produtos que non sexan realizados de maneira ecolóxica, con materiais reciclados.




TARIFA, ESPAZO E REQUIRIMENTO

Unha vez confirmada a túa participación, enviaráseche o número de conta onde debes realizar o pago.

1ra Opción: Lugar dentro da igrexa, onde a feira dispoñerá dunha mesa e unha cadeira para cada expositor.

45€ IVE Incluído polos dous días da feira.



2da Opción: Lugar nos soportais fóra da igrexa.

Nesta opción cada feirante debe traer a súa mesa e cadeira. A medida da mesa non debe exceder os 2 metros.

35€ IVE Incluído polos dous días da feira.

Requirimento: Solicitamos a todos os feirantes que participan, vir cunha maquillaxe tribal sinxela para colaborar coa identidade da nosa feira. Desde a 1ra edición propuxemos a “Tribu Revive” como grupo de feirantes conscientes que expoñen produtos a favor do coidado ambiental.

Exemplos:



IMPORTANTE

Se tes un posto de comida saudable e queres participar traendo a túa carpa, debes comunicarche ao mail: reviveferia@gmail.com ou ao teléfono 633356161 para acordar o espazo que requires e demais temas loxísticos.

A data límite para realizar este pago será o venres 07 de marzo. De non realizalo dentro desta data, cederáselle o lugar a outro feirante da lista de espera.

-Unha vez realizases o pago da túa participación, enviaráseche un cartel personalizado coa información do teu produto, para que poidas compartir nas túas redes sociais.

-Ademais cada expositor contará cun post dedicado ao seu produto nas nosas redes sociais e nas do Concello de Ribadavia.

-A dirección enviará detalles da montaxe 3 días antes do evento.

-Os feirantes deben expoñer o produto presentado previamente por mail, en caso de levar outro, a dirección pode pedirlle que o retire.

-Realizaranse notas de prensa de diferentes medios locais para difundir o noso evento.

-En caso de non poder asistir, non se devolve o diñeiro. Reservaríase para a próxima edición.

-O prazo máximo para notificar a inasistencia é de 5 días antes do evento.



GRAZAS POLO TEU INTERESE EN SER PARTE DA TRIBO REVIVE



"Revive, é unha homenaxe á nosa Terra, un canto á vida, unha súplica espida para espertar a conciencia humana"

ORGANIZA



DIRECCION XERAL

Carolina Atuesta

CO APOIO DE



CONTACTO



633356161



reviveferia@gmail.com



@reviveferia